

ADDENDA Ó PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO 202-21

Primeiro:

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega no curso 2019-20 e información sobre o que se vai desenvolver no presente curso (punto nº 5 do PLC).

Ver documentos realizados polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega do IES de Melide no seguinte enlace:

- Memoria e valoración das actividades curso 2019/20: [LIGAZÓN](#)
- Proxecto EDLG IES de Melide curso 2020/21: [LIGAZÓN](#)

Segundo:

Os departamentos que se citan a continuación advirten que non atopan no mercado suficiente material didáctico en lingua galega para poder dar pleno cumprimento ó Proxecto Lingüístico do Centro.

Preséntanse as súas achegas:

DEPARTAMENTO DE FILOSOFÍA:

O departamento de Filosofía do IES de Melide quere facer constar neste proxecto lingüístico a circunstancia de que, aínda levando xa varios cursos apuntándoo, segue a ter dificultades para conseguir materiais e recursos en lingua galega, especialmente no referido ás materias optativas das que se fai cargo así como os materiais para a materia de ética nos catro cursos de 4º ESO.

DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA:

O Dep de Física e Química desexa deixar constancia das dificultades que atopa para desenvolver as materias de Física e Química de 1º de BACH e FÍSICA e QUÍMICA de 2º de BACH en lingua galega tal como se contempla no PLC do centro. En concreto facer referencia a pouca oferta de libros de texto en galego (na actualidade só hai un de Anaya no mercado par 1º de BACH e outro de BAÍA de QUÍMICA de 2º de BACH) o que dificulta a elección dun libro de referencia para o curso.

Tamén mencionar a pouca oferta de recursos adicionais en galego

DEPARTAMENTO MÚSICA:

Presentamos a continuación un documento que recolle as dificultades coas que se atopa o profesorado do departamento de música á hora de dar cumprimento ao Proxecto Lingüístico de Centro e impartir a docencia con atención á lingua de referencia reflectida no citado documento.

Dado que ata o momento a administración non ten modificado en ningún punto o decreto para o plurilingüismo, que non se ten ratificado e verificado o seu funcionamento, operatividade e casuística real, e que ademais a nivel de materiais non se teñen dado melloras significativas que axuden a paliar os atrancos cos que se atopa este departamento para dar a clase integramente en galego, consideramos conveniente seguir incluíndo este documento como anexo ao PLC para deixar constancia da situación.

A busca e fornecemento de materiais para a impartición de aulas vese condicionada polo axeitado ou non dos materiais aos obxectivos e metodoloxías recollidas na programación, primando sempre os criterios pedagóxicos. Neste sentido constátase a dificultade de atopar materiais axeitados, que respondan a estes criterios, en lingua galega.

Aínda que o profesorado do departamento imparte as materias nas linguas indicadas no Proxecto Lingüístico, vese na obriga de ter que elaborar e traducir materiais para a clase e, aínda así, non sempre pode acceder ou ofertar material en galego, posto que no tocante a materiais dixitais e audiovisuais as dificultades aínda son maiores, é por iso que se ve na obriga de botar man de materiais en lingua castelá.

Polo tanto, o Departamento quere deixar constancia do incumprimento do decreto e de cales son as súas causas, así como manifestar que as dificultades atopadas na elección de materiais axeitados pon de manifesto a desigualdade “de facto” entre as dúas linguas.

Cítanse a continuación algúns dos materiais empregados, sirva como exemplo dunha dinámica habitual de clase:

<p>Obradoiro de Música (1º de ESO)</p>	<p>-Empregamos esta páxina web para actividades de solfexo: https://www.youtube.com/watch?v=rf5rcXhGPps&feature=youtu.be</p> <p>-Empregamos esta páxina web para ditados e xogos musicais: https://aprendomusica.com/const2/04dictadoRitmico/game.html</p> <p>-Empregamos esta páxina web para cuestións relacionadas coa teoría musical https://www.youtube.com/results?search_query=teor%C3%ADa+music+al</p> <p>-Empregamos esta páxina web para actividades complementarias e xogos de ampliación: https://musicaencriptada.es/</p>
<p>Música 2</p>	<p>-Empregamos esta páxina web para realizar os ditados musicais e como actividade de reforzo e ampliación: http://dictadosmusicales.weebly.com/prueba-acceso.html</p> <p>-Empregamos esta páxina web para a realización de danzas https://danzasdelmundo.wordpress.com/</p>
<p>Música 3</p>	<p>-Existen unidades didácticas para traballar as danzas en secundaria pero tamén están en español “Colección unidades didácticas de aplicación”, da editorial INDE.</p> <p>-Para explicacións teóricas do aparello fonador, tipos de voces, os instrumentos recurrimos tamén a material web que está en español. Unha das páxinas máis socorridas é https://musicameruelo.wordpress.com/</p>
	<p>-Empregamos esta páxina web para realizar os ditados musicais e como actividade de reforzo e ampliación porque en galego non encontramos nada http://dictadosmusicales.weebly.com/prueba-acceso.html</p> <p>-Empregamos esta páxina web para a realización de danzas porque en galego non encontramos nada https://danzasdelmundo.wordpress.com/</p> <p>-Existen unidades didácticas para traballar as danzas en secundaria pero tamén están en español “Colección unidades didácticas de aplicación”, da editorial INDE.</p> <p>-Para explicacións teóricas relacionadas coa historia da música, da música popular urbana, evolución dos instrumentos... recurrimos a esta páxina web https://musicameruelo.wordpress.com/</p>

<p>Música 4</p>	<p>-Os libros de texto que coñecemos están en español. Non hai un manual adaptado á nova normativa que nos resulte atractivo.</p> <p>-Para traballar o tema da música e a publicidade temos que recurrir sen remedio a anuncios en español (a dobraxe da publicidade ao galego é moi escasa e non reflicte a casuística que debe abordar a materia). Botamos man do documental “La publicidad al descubierto”, que está en español. Para traballar os estereotipos recurrimos a unidades didácticas en español http://www.ocsi.org.es/IMG/pdf/Mat_175_estereotipos_publicidad.pdf e para explicar as funcións e os tipos de música recurrimos á páxina https://musicameruelo.wordpress.com/</p> <p>-Temos os mesmos problemas para traballar o tema das novas tecnoloxías (os tutoriais, programas informáticos, editores de vídeo, son, editor de partituras) están en español ou noutras linguas alleas ao galego; o tema da Música popular urbana (se queremos buscar información sobre tribos urbanas, estilos musicais, biografías de artistas, discos... a información está en español); no tema de Música e cine, encontramos a mesma problemática. Recurrimos á páxina: https://musicameruelo.wordpress.com/ porque ten material interesante para traballar (pero está en español) Así mesmo o alumnado téñen que buscar e procesar moito material para a elaboración de traballos e proxectos podería dicirse que case na súa totalidade está en castelán.</p>
<p>Artes escénicas 4º</p>	<p>Non coñecemos a existencia de ningún material en galego: libro de texto, recursos web,...</p> <p>Empréganse recursos de libros como “Artes escénicas y danza” Algar editorial 2016; “Impro. 90 juegos y ejercicios de improvisación teatral”, WWAA, editorial Octaedro; “Creatividad Teatral” WWAA, editorial Alhambra Longman.</p>